

Bos Aires, 19-II-1952.

Sr. Don Valentin Paz Andrade.

Estimado amigo;

Teño no meu poder, a sua carta data 10 de outubro, e un soio exemplar do álbum "Nos" en vez dos dous que vostede me confirma. Véxome pois, na forzada obriga de manifestarlle, que seu amigo portador do encargo, non soupo cumprilo axeitadamente, nin tuvo tampouco intrés en falar connigo. Claro...

Eu conto con eses exemplares que vostede garda, -facéndome o favor grande de os ir mandando aproveitando oportunidades-, para cubrir varias das moitísimas atencións que eiqui levo recibidas, e somentes de ise modo podrei agradecer en parte. Sei ademais, (de elo estou ben segura) de que esta xente sempre tan boa é tan xenerosa, â saber valorar i estimar ese traballo do irmán inesquecido, sendo pra min tamén de inmensa satisfacción o poder darlles siquera unha proba da miña sincera gratitude.

As contas do Banco parece andan un pouco trabucadas, por que non van de acordo a que vostede me deixou, con outras que miñas irmáns me mandaron fai pouco tempo. Nin vegar tiven a repasalas, é poder decirlle en que consiste a diferenza. Será n-outra volta.

Estou bastante doida do proceder do "abogado José Lino Sanchez, pero confío en que algún día poderei falar a gusto... Asombra, o cativo concepto que teñen algúns homes da diñidade é da amizade.

Supoño que do viaxe a Italia, voltarían encantados é con desexos de recuncar, xa que según din, Roma ben merece unha misa.

Agarimos a Pilara e Alfonsiño, e pra vostede moitísimas gracias e un saúdo moi afectuoso da sua amiga

Virginia